

## REGULAMENTO DE USO DA RESIDENCIA LITERARIA DA ILLA DE SAN SIMÓN

### CONDICIÓNNS DE USO DAS INSTALACIÓNNS DA ILLA DE SAN SIMÓN

O complexo das Illas de San Simón e San Antón recibe visitas e alberga actividades ao longo do ano, polo que se fai preciso regular a convivencia e contar cunhas normas básicas que contribúan salvagardar a seguridade das persoas usuarias e visitantes, así como os elementos patrimoniais do sitio histórico e o medio ambiente da paraxe natural onde se sitúa.

Será o **Servizo de coordinación cultural da Illa** o **interlocutor único** e o responsable de atender todas as incidencias e necesidades que se lles poidan presentar ás persoas residentes. Este servizo adoptará todas as medidas encamiñadas a resolver calquera situación ou necesidade sobrevida, de acordo coas indicacións do órgano encargado da xestión das Illas.

**Os residentes absteranse de dar indicacións e pedir apoios a outras persoas e empresas que prestan servizo na Illa.** Estas non tomarán ningunha medida nin prestarán ningún servizo extra sen que se llo indique o responsable da coordinación cultural.

As persoas participantes na Residencia deberán permanecer na Illa durante todo o período marcado na resolución de concesión. Só se poderá abandonar o programa de residencia por causas sobrevidas e debidamente xustificadas previa autorización da Dirección Xeral de Cultura.

As persoas adxudicatarias deberán acatar o cumprimento destas normas no momento de aceptar a participación no programa.

O programa de residencia de creación literaria, ademais de ser un espazo para o traballo, pretende converterse nun punto de encontro entre persoas creadoras para que poidan establecer lazos e compartir experiencias. Polo que en todo momento deberá permanecer na residencia un grupo mínimo de persoas.

### 1. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

Os datos persoais proporcionados a través deste formulario serán tratados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar as solicitudes de acceso e realización de actividades na Illa. A base lexitimadora é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e unha obrigación legal, ambas fundamentadas no disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 237/1999, do 29 de xullo, polo que se declara ben de interese cultural, con categoría de sitio histórico, a favor da Illa, sita no municipio de Redondela, provincia de Pontevedra. Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas de ámbito autonómico e local cando sexa estritamente



necesario para o exercicio das súas competencias. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamiento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como oponerse ao seu tratamiento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co delegado/a de protección de datos e máis información en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

2

## **2. SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN QUE INCLÚE O USO DAS INSTALACIÓN**

Unha vez concedida a residencia, as persoas beneficiarias poderán facer uso das instalacións e disporán de todos os elementos loxísticos cos que conta a Illa, tales como equipamentos técnicos e outros.

Poderán empregar as subministracións de electricidade, telefonía e internet dispoñibles, como tamén o servizo de vixilancia e seguridade no seu horario de funcionamento.

Co fin de facilitar a organización persoal as persoas residentes poderán facer uso do medio de transporte marítimo que presta servizo á Illa nas frecuencias establecidas para a xestión da Illa.

O uso do barco queda supeditado a previa autorización por parte da empresa de coordinación cultural e xestión da Illa. As persoas residentes en ningún caso poderán facer uso do barco a través do contacto directo co persoal que presta o servizo. Quedando a posibilidade de saída da Illa reducida a unha única viaxe por día, agás causas excepcionais xustificadas e aceptadas pola coordinación da Illa.

Disporán de 5 horarios de ida e volta ata o Porto de Cesantes (Redondela) cada día entre as 9:00 a 19:00 horas. Cada viaxe deberá ser solicitado e autorizado polo servizo de coordinación cultural. Excepcionalmente poderase habilitar algunha viaxe máis en función das necesidades dos programas de residencia.

Por razóns de seguridade non está permitido o acceso a través de embarcacións de uso privado, sexan de motor ou movidas pola forza humana.

Tamén se pode acceder aos espazos exteriores sen máis limitacións que as que se dispoñan para a conservación dos mesmos ou para a compatibilización de actividades.

### **O uso das instalacións**

- As persoas usuarias da residencia poderán pasear polos xardíns e exteriores das Illas e visitar as exposicións que se atopen abertas ao público, así como a capela de San Simón. Mesmo poderán empregar os espazos exteriores como lugares de inspiración ou de traballo sempre que non interfiran noutras actividades organizadas nas Illas.
- No suposto de existir servizos de cafetería, poderán ser usadas as instalacións correspondentes, así como os edificios con aseos públicos.



- As restantes instalacións e edificacións teñen prohibida a entrada, salvo que se disponga explicitamente o contrario.
- A excepción do edificio da residencia, como medida de seguridade, os restantes edificios terán conectada unha alarma no horario en que non haxa persoal de seguridade na Illa.
- As persoas usuarias deberán manter a convivencia co resto de usuarios e usuarias, polo que non se permite o uso de aparatos de megafonía nin a reproducción de música ou voz a volumes altos.

3

### A seguridade

- As persoas usuarias deberán seguir as instrucións do persoal de seguridade e demais persoal baixo as directrices da Xunta de Galicia.
- Todas as necesidades de seguridade e incidencia deberán ser consultadas e autorizadas polo servizo de coordinación cultural da Illa.
- No caso de resultar preciso en caso de emerxencia será o servizo de coordinación se coordinación cultural o que, de ser preciso, deberá poñerse en contacto co número de emergencias **112**.
- Queda prohibido o baño nas costas das Illas así como a práctica de calquera deporte náutico ou acuático.
- Está prohibida a práctica de deportes de risco en todo o complexo das Illas de San Simón e San Antón.
- Queda así mesmo, prohibido transitar polos xardíns e espazos exteriores da Illa durante as horas da noite.
- Esta prohibido o uso de sustancias estupefacientes de uso recreativo.

## **3. SERVIZOS DE ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN PARA AS PERSOAS USUARIAS DA RESIDENCIA**

Os servizos de aloxamento e manutención están dimensionados para o seu correcto uso e desfrute polo que as persoas residentes deberán comer e durmir na Illa, salvo causa debidamente xustificada e previamente autorizada.

### **3.1. Aloacemento.**

O aloacemento na *Residencia Stella Maris* en habitación de uso individual supón que a Xunta de Galicia proverá ás persoas usuarias de lencería axeitada para que a estancia resulte cómoda.

Con periodicidade semanal mudaranse as sabas e as toallas. De xeito excepcional, mudaranse sempre que se faga necesario.

Todas as persoas usuarias terán ao dispor roupa de cama de abrigo de reposto en condicións de ser usada.



Con periodicidade diaria levaranse a cabo as tarefas de limpeza básica dos espazos de aloxamento en horario de mañá, agás as fins de semana.

Nas tarefas básicas de limpeza non se inclúe facer a cama.

### **3.2. Manutención**

#### *Almorzo, Comida e Cea*

O almorzo, a comida e a cea para as persoas usuarias, por regra xeral, será servida a través dun servizo de catering, que se encargará, tanto do servizo como da limpeza da vaixela que se empregue. Excepcionalmente, se algúnhha persoa usuaria non fixera uso do servizo no horario establecido, encargarse ela mesma da limpeza dos elementos empregados.

4

Na cociña só se poderá facer uso do microondas e neveira; por seguridade o resto de aparellos que hai na cociña (forno, parrillas, lavalouzas...) non se poderán utilizar.

#### *Alimentos e bebidas de libre disposición*

As persoas usuarias terán ao seu dispoñer en todo momento alimentos tales como froita fresca de tempada, lácteos, café, infusións, auga...

En todo caso, atenderanse as alerxias e intolerancias alimentarias así como outras preferencias persoais de alimentación das persoas residentes. As e os participantes na Residencia de creación literaria deberán comunicar previamente as súas alerxias, intolerancias e preferencias para que estas poidan ser atendidas debidamente.

## **4. PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN CULTURAL DA ILLA**

O complexo das Illas de San Simón e San Antón acolle unha programación cultural extensa, as persoas residentes poderán participar nas actividades paralelas que se organicen no marco da programación e segundo se estableza especificamente en cada caso.

As persoas usuarias da residencia de creación literaria non poderán participar nas vistax guiadas privadas que se realicen ao complexo.

## **5. O COIDADO DAS ILLAS**

Establécense as seguintes normas para o acceso e uso da Illa, que rexerán con carácter xeral e salvo excepcións expresamente autorizadas polo departamento encargado da xestión da Illa. Estas normas teñen como obxectivo salvagardar a seguridade dos visitantes, así como os elementos patrimoniais do Sitio Histórico e o medio ambiente da paraxe natural onde se sitúa.

A Illa está declarada Ben de Interese Cultural (BIC) desde 1999. O seu alto valor histórico, cultural e paisaxístico mereceu que a Administración Pública lle concedese un importante nivel de protección cultural e ambiental, co fin de permitir un uso público compatible cunha óptima conservación deste elemento do noso patrimonio,



permitindo as visitas controladas ao recinto e a realización de actividades culturais e educativas de carácter diverso.

- As persoas usuarias da residencia deberán observar as seguintes normas no que se ao coidado mínimo dos espazos:

- Non está permitido comer nas Illas fóra das instalacións habilitadas para elo, nin facer lume de calquera clase.

- Non está permitido fumar no interior de ningún edificio. Respecto dos espazos exteriores, non se poderá fumar máis que nos peiraos de acceso e nas superficies lousadas. Deberase prestar especial coidado ao tratamento das cabichas e da cinza, debendo depositarse unicamente nos espazos específicos para elas.

5

- Non está permitido tirar ningunha clase de lixo ao chan. A persoa usuaria da residencia, de ser o caso, pode ser requerida para sufragar o custo da limpeza resultante do incumprimento desta norma.

- Non está permitido que as persoas usuarias da residencia de creación literaria estean acompañadas.

- Non está permitida a entrada animais de compañía.

## 6. SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA

Para preservar a seguridade das persoas e do patrimonio cultural da Illa existen cámaras de seguridade que gravan a toda aquela persoa que acceda á Illa. O responsable do tratamento dos datos persoais que se derive deste sistema de videovixilancia é a Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. A lexitimación do tratamento destes datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada no disposto no artigo 22 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos (imaxen), que serán conservados durante o prazo máximo de un mes desde a súa captación, poderán ser comunicados ás forzas e corpos de seguridade, xulgados e tribunais. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto do/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

## 7. NORMATIVA DE USO E SEGURIDADE DOS ASISTENTES

A persoa beneficiaria da Residencia declarará coñecer o Regulamento de uso da Residencia. O incumprimento deste poderá supor a expulsión da Illa do/a infractor/a



e/ou a cancelación do proxecto, sen que caiba indemnización ningunha.

As persoas que polas súas circunstancias e accións poidan supoñer un risco para a correcta evolución do proxecto ou das demais persoas adxudicatarias das prazas de Residencia de creación literaria, poderán ver reducida o período de permanencia na Illa e neste programa, quedando o seu nomeamento sen efecto a partir do día no que se determine a súa saída da Illa, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.

6

## **8. ACEPTACIÓN**

A persoa beneficiaria declarará coñecer este regulamento e aceptarao expresamente. A aceptación entenderase cumplimentada por medio da sinatura e data da mesma, e pola súa remisión á Dirección Xeral de Cultura.